Aínda que non constan alumnos de 2º curso con esta módulo pendente, en caso contrario, realizaría unha proba final que para superala será necesario obter unha nota mínima de 5. Además, debería realizar os exercicios e traballos que se lle indique ao longo do curso, que lle facilitarán a preparación da proba.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado que non supere os contidos da materia terá que realizar a proba correspondente, examinándose dos bloques de contidos pendentes. Precisarase unha cualificación mínima de 5 puntos en cada parte para acadar unha avaliación positiva. Farase a media aritmética para obter a cualificación final.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas metodolóxicas de reforzo educativo adecuadas ás características dos alumnos e as alumnas, no relativo á adquisición das competencias lingüísticas contidas no módulo profesional de Comunicación e Ciencias Sociais I, para os alumnos e as alumnas que presenten dificultades serán:

- Unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe, con actividades abertas, para que cada quen as realice segundo as súas posibilidades.
- Actividades presentadas cunha gradación de dificultade.
- Proxectos motivadores que lles axuden a relacionar e aplicar coñecementos, a aproveitar situacións de heteroxeneidade, como os grupos cooperativos, que favorecen o ensino-aprendizaxe.
- Actividades de reforzo, que incidirán nas habituais carencias que presenta este alumnado.
- Lecturas de textos guiados mediante unha serie de preguntas que incidan nos aspectos e características máis relevantes da teoría literaria.
- Axudas puntuais por parte do docente.

Modificación de actividades en canto á súa complexidade.
Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, sendo útiles os recursos audiovisuais e informáticos. Non debemos esquecer que a finalidade da FPB, ademais dos fins e os obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, segundo o artigo 40.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, contribuirá a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
Isto supón contribuír ao desenvolvemento integral da persoa para, desde o seu equilibrio persoal e afectivo, fomentar dunha maneira crítica e creativa a súa integración, nunha sociedade cada vez máis multicultural, desde o coñecemento e a estima da propia cultura e a dos outros.

8.1. Programación da educación en valores.

As competencias profesionais, persoais e sociais que debe acadar o noso alumnado están relacionadas cos valores que fixaremos como obxectivos neste módulo:

- Aprender a traballar en equipo, dentro da clase ou na sociedade, con actitudes solidarias, tolerantes e democráticas.

- Respectar o seu contorno: a aula, o material, as instalacións...
- Desenvolver valores de non violencia (sexa de xénero ou entre iguais) e non discriminación.
- Desenvolver o respecto á liberdade, á xustiza, a igualdade e o respecto polos dereitos dos demais.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Non se contemplan actividades complementarias e extraescolares no módulo de Comunicación e Ciencias Sociais, pero no de Lingua Inglesa se prevén as seguintes:

1. Contos tradicionais en inglés e galego narrados da man das contacontos profesionais Charo Pita e Alcie Fernback.
2. Visita ao museo de Pontevedra e exposición de Castelao.
3. Obradoiros de improvisación, oratoria e habilidades comunicativas en castelán, galego e inglés.
4. Tamén se fará integrar ao alunado na organización e preparativos (decoración, loxística, etc.) de tódolos proxectos levados a cabo por otros departamentos do centro, xa que se considera valioso para a súa formación e autoestima tendo en conta as particularidades do alunado de FP Básica.
5. Concurso de disfraces de persoaxes literaria.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Seguimento da Programación

A avaliación do currículo programado e da práctica docente para corrixir as desviacións no proceso de ensino-aprendizaxe farase tendo en conta:

- A adecuación dos obxectivos ás características do grupo: o alumnado deste módulo presenta dificultades de aprendizaxe ou atraso curricular que poden pór en risco o alcance dos resultados de aprendizaxe e, como consecuencia, a obtención da titulación correspondente. Malia tales dificultades, desfases ou limitacións, este alumnado posúe capacidades que cómpre potenciar a través de medidas axeitadas, potenciando o seu desenvolvemento persoal e unha inclusión social satisfactorias, sen as que probablemente teña que afrontar unha situación laboral de precariedade debido á falta de cualificación e de titulación.
- Non só se avaliarán os contidos, senón tamén a progresiva autonomía, o desenvolvemento de estratexias de comprensión e expresión e as habilidades e destrezas lingüísticas acadadas.
- Observarase a adquisición de novas aprendizaxes sobre os coñecementos previos.
- Volverase sobre aqueles contidos tratados anteriormente que permitan a súa consolidación ou a adquisición dos novos.-En cada sesión farase síntese e recapitulación dos contidos fundamentais.
- Se é preciso, faranse actividades de reforzo ou adaptación en cada unidade didáctica.

Avaliación da práctica docente
Con respecto á avaliación da práctica docente, levarase a cabo da seguinte maneira:

- Valoración da práctica docente por parte do alumnado ao finalizar cada unidade didáctica co fin de considerar todos os aspectos do proceso-aprendizaxe que convén reaxustar: actividades

de reforzo, repaso, adaptación...
- Autoavaliación do alumnado ao finalizar cada unidade didáctica.
- Ao final do curso académico, os alumnos cumprimentarán unha enquisa na que se valorará o proceso de ensino-aprendizaxe.

11.1. Outros apartados.

1. Medidas de atención á diversidade

As medidas metodolóxicas de reforzo educativo serán:

- Unha metodoloxía con actividades abertas
- Actividades cunha gradación de dificultade
- Proxectos motivadores
- Actividades de reforzo
- Lecturas de textos guiados
- Axudas puntuais por parte do docente

Tamén modificacaranse as actividades segundo á súa complexidade.

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos que se empregarán son os seguintes:

- A comunicación é o eixe da unidade formativa
- O ensino da lingua implica a exercitación dos procesos cognitivos complexos: comprensión e produción
- O ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática
- O ensino da lingua debe fomentar a creatividade, adecuarse ao suxeito da aprendizaxe e fomentar o hábito de ler e o pracer como lector

3. Materiais e recursos didácticos

Os materiais curriculares empregados serán:

- Materiais deseñados para o traballo na aula e para as actividades complementarias

Estes combinaranse cos materiais didácticos:

- A bibliografía existente nas bibliotecas, nos departamentos e noutras fontes primarias ou secundarias
- Recursos informáticos e audiovisuais
- Prensa, revistas e publicacións especializadas
- Libros de lectura ou escolmas de textos

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D1COM001100 - Servizos comerciais	A

Módulo
AM3162 - Comunicación e ciencias sociais II (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
6	125	50	150	150

Profesorado responsable

Docentes
Antelo González, Eva

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 24

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 65

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 65

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 69

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 70

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 70

8.1. Programación da educación en valores. 71

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 71

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 71

11.1. Outros apartados. 72

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A competencia xeral do título profesional básico en Servizos Comerciais consiste en realizar operacións auxiliares de comercialización, merchandising e almacenaxe de produtos e mercadorías, así como as operacións relacionadas co tratamento de datos, seguindo protocolos establecidos, criterios comerciais e de imaxe, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira. Desde a perspectiva do módulo profesional Comunicación e sociedade II, o currículo traballarase basicamente arredor das características do ámbito produtivo para o que o alumnado se está a preparar; así, o currículo concretarase, a nivel xeral, atendendo ás seguintes obrigas produtivas:

- Realización de explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir de información histórica e xeográfica ao seu dispor,
- Comunicación con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega, castelá e inglesa respectando a autonomía das persoas; comunicación, que lles permita transmitir seguridade e confianza ao consumidor de produtos e/ou servizos
- Actuación con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico artístico e as manifestacións culturais e artísticas, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.

As liñas de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten acadar os obxectivos do módulo en relación coa aprendizaxe das linguas están relacionadas co emprego da lingua tanto na interpretación como na elaboración de mensaxes orais e escritos sinxelos, mediante o seu emprego en distintos tipos de situacións comunicativas do seu entorno que orientará a concreción dos contidos, actividades e exemplos empregados neste módulo, a selección e execución de estratexias didácticas que faciliten o auto-aprendizaxe e que incorporen o emprego da lingua en situacións de comunicación o máis reais posibles, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (correo electrónico, SMS, Internet, redes sociais...); o emprego das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo que lles permita integrarse nas actividades educativas con garantía de éxito e por último, a apreciación da variedade cultural e das costumes presentes no seu entorno e noutros países

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	O noso mundo	A través da selección dunha escolma de noticias sobre diversos conflitos no mundo actual, realizaremos unha investigación e estudo das causas e da evolución histórica de diferentes conflictos actuais como o de Ucrania e Palestina e a configuración das distintas estructuras de bloques de poder político e económico ao longo do século XX e XXI.	18	30
2	Fake news ao longo da historia,	Utilizando como base diferentes exemplos de noticias	5	6

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
2	alfabetización nacional	falsas ao longo da historia do século XX introduciremos ao alumnado na necesidade de diferenciar a análise historiográfica rigurosa para coñecer o noso pasado e a establecer criterios á hora de buscar información fiable a través da rede, cunha análise crítica das fontes.	5	6
3	Un mundo diverso	Coñeceremos a riqueza do noso mundo intercultural globalizado e das causas e as consecuencias negativas de diversas formas de discriminación.	10	15
4	Historia e memoria	A través da memoria oral dos nosos maiores trataremos de que o alumnado reconstrúa o pasado recente de Galicia e de España.	8	20
5	Exprésome por escrito I	Elaboración de textos narrativos e informativos onde utilicemos correctamente os recursos de coherencia, cohesión e adecuación ao texto.	15	20
6	Exprésome por escrito II	Elaboración de textos de carácter mais técnico: currículum, instancias oficiais, carta de motivación, entrevistas de traballo¿	10	20
7	Crítica literaria	Promover a lectura de diferentes obras ao longo do curso por parte do alumnado e a elaboración dun podcast que analice a obra.	4	9
8	Where do you work?	Aprender a falar de empregos, presentacións e entrevistas de traballo.	5	5
9	What are you doing now?	Expresar actividades realizadas no tempo libre e solicitar información.	5	5
10	We were in town yesterday	Manter unha conversa no ámbito dunha tenda cos clientes e seguir instrucións.	5	5
11	Where did you go on holiday?	Comprender un folleto de viaxes e falar de plans de viaxe.	5	5
12	What were you doing when I called?	Manter unha conversa telefónica e escribir un e-mail.	5	5
13	What are you like?	Falar de cualidades personáis e facer descripcións.	5	5

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	O noso mundo	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.1 - Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron desde o século XIX ata a actualidade e os feitos máis relevantes en España e en Galicia, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente	PE	10
CA1.2 - Sinalouse e explicouse o proceso de unificación do espazo europeo e a súa relevancia na construción da sociedade española e galega, analizando a súa evolución e argumentando a súa influencia na política nacional	TO	10
CA1.3 - Identificáronse e valoráronse as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e á cooperación internacional, ao desenvolvemento sostible, á loita contra o cambio climático e á cidadanía global	TO	10
CA1.6 - Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia desde o século XIX ata a actualidade no contexto xeral e máis próximo, e sinaláronse os principais modelos de organización social e política que se foron xestando	TO	10
CA1.7 - Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais	PE	10
CA1.8 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	PE	5
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo.		
CA2.3 - Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada	PE	10
CA2.4 - Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais	TO	5
CA2.9 - Actuouse con empatía e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional	TO	10
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados.		
CA3.1 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de xeito guiado a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido, e evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.3 - Interpretouse o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns propios do seu ámbito profesional de especialización ou de relevancia persoal, expresados de forma clara e no rexistro estándar da lingua estranxeira	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Ciencias sociais II
Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade.
Organización social e política desde o século XIX ata a actualidade: a transformación política do ser humano (desde a servidume á cidadanía).
A lei como contrato social: a constitución e o exercicio da cidadanía.
As relacións internacionais e o estudo de conflitos e violencias. O Holocausto
As formacións identitarias (ideoloxías, nacionalismos e movementos supranacionais).
O proceso de construción europea: integración económica, monetaria e cidadá.
Institucións europeas: orixe, principios básicos, funcionamento e funcións.
Cidadanía europea e global: ideas e actitudes para a formación dunha identidade común.
Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social en España como exemplo de país de migrantes.
A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: orixe, xustificación e implicacións na vida cotiá.
Institucións e organizacións sociais, políticas e económicas na actualidade.
A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral cidadá e á convivencia social.
España en Europa e no mundo. A seguridade e a cooperación internacional. Os compromisos internacionais de España.
O compromiso social: mediación, resolución pacífica de conflitos e proxectos comunitarios.
Convivencia cívica e cultura democrática: incorporación e implicación na sociedade civil. O recoñecemento dos dereitos LGTBQ+
Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos contemporáneos e actuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Fake news ao longo da historia, alfabetización nacional	6

Criterios de avaliación	IA	%

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá.		
CA1.4 - Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sostible e a cidadanía global, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a propia capacidade de acción, e valorouse a contribución das misións e dos programas dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos	TO	10
CA1.5 - Identificáronse, interpretáronse e analizáronse os principios, valores, deberes e dereitos fundamentais da Constitución española, o sistema democrático, as súas institucións e as súas organizacións sociais, políticas e económicas, así como a importancia do sistema constitucional e dos estatutos autonómicos, e explicouse a súa función como mecanismos que regulan a convivencia e a vida en comunidade	TO	10
CA1.6 - Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia desde o século XIX ata a actualidade no contexto xeral e máis próximo, e sinaláronse os principais modelos de organización social e política que se foron xestando	TO	10
CA1.7 - Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais	TO	10
CA1.9 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	10
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo.		
CA2.1 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	TO	5
CA2.2 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	20
CA2.3 - Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada	TO	5
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados.		
CA3.1 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de xeito guiado a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido, e evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Ciencias sociais II
Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade.
BC2 - Comunicación en lingua castelá e en lingua galega II
Alfabetización informacional. Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Análise dos riscos e das consecuencias da manipulación e da desinformación. Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e ao uso das referencias bibliográficas nas creacións propias. Utilización responsable das tecnoloxías da información. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais de procura de información
BC1 - Ciencias sociais II
España e Galicia en Europa: proceso de transformación e contextualización dos aspectos políticos, sociais, económicos e culturais na formación da identidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Un mundo diverso	15

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá.		
CA1.1 - Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron desde o século XIX ata a actualidade e os feitos máis relevantes en España e en Galicia, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente	PE	40
CA1.7 - Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais	TO	10
CA1.8 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	TO	20
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.6 - Participouse de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística	TO	10
CA2.9 - Actuouse con empatía e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional	TO	10
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados.		
CA3.8 - Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento profesional e persoal, identificando os elementos culturais e lingüísticos que fomentan o respecto, a sostibilidade e a democracia	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Ciencias sociais II
As relacións internacionais e o estudo de conflitos e violencias. O Holocausto
Significado e función das expresións artísticas e culturais do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais de obras ou movementos artísticos significativos.
As formacións identitarias (ideoloxías, nacionalismos e movementos supranacionais).
Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social en España como exemplo de país de migrantes.
A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral cidadá e á convivencia social.
O compromiso social: mediación, resolución pacífica de conflitos e proxectos comunitarios.
Discriminacións: causas e consecuencias. Movementos cara á igualdade da muller, con exemplos de mulleres relevantes da historia contemporánea. Logro dunha efectiva igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos contemporáneos e actuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Historia e memoria	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións		

Criterios de avaliación	IA	%
á consecución da paz e da seguridade cidadá.		
CA1.7 - Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais	TO	10
CA1.8 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	TO	5
CA1.10 - Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais	TO	5
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo.		
CA2.1 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	TO	10
CA2.2 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	10
CA2.3 - Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada	TO	10
CA2.4 - Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais	TO	10
CA2.9 - Actuouse con empatía e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional	TO	10
CA2.10 - Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sostibilidade e a democracia	TO	5
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados.		
CA3.1 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de xeito guiado a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido, e evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.2 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	TO	5
CA3.8 - Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento profesional e persoal, identificando os elementos culturais e lingüísticos que fomentan o respecto, a sostibilidade e a democracia	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Ciencias sociais II
Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade.
Organización social e política desde o século XIX ata a actualidade: a transformación política do ser humano (desde a servidume á cidadanía).
BC2 - Comunicación en lingua castelá e en lingua galega II
Comunicación. Estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. Comprensión e creación de secuencias textuais básicas (narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas e argumentativas). Emprego correcto das propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación) e respecto por elas nas creacións propias. Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e as principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos. Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes; selección e retención da información relevante. Intención do emisor. Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. Deliberación oral argumentada. Comprensión de lectura: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc. Identificación e emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Emprego correcto dos mecanismos de cohesión. Recoñecemento e utilización de conectores textuais. Identificación e uso de mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soportes analóxico ou dixital. Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
BC1 - Ciencias sociais II
A lei como contrato social: a constitución e o exercicio da cidadanía.
España e Galicia en Europa: proceso de transformación e contextualización dos aspectos políticos, sociais, económicos e culturais na formación da identidade.
A Constitución española. Modelo territorial de España e de Galicia; ordenamento normativo autonómico, estatal e supranacional
O sistema democrático: a súa construción, os seus principios básicos recollidos na Constitución; distintos modelos e norma institucional básica dos estatutos de autonomía; o Estatuto de Galicia.
Institucións e organizacións sociais, políticas e económicas na actualidade.

Contidos
A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral cidadá e á convivencia social.
España en Europa e no mundo. A seguridade e a cooperación internacional. Os compromisos internacionais de España.
Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos contemporáneos e actuais.

UD	Título da UD	Duración
5	Exprésome por escrito I	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá.		
CA1.7 - Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais	TO	10
CA1.8 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	PE	30
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo.		
CA2.1 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	TO	20
CA2.2 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	10
CA2.5 - Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse borradores e revisáronse, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical	PE	20
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados.		
CA3.3 - Interpretouse o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns propios do seu ámbito profesional de especialización ou de relevancia persoal,	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
expresados de forma clara e no rexistro estándar da lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Comunicación en lingua castelá e en lingua galega II
Comunicación. Estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. Comprensión e creación de secuencias textuais básicas (narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas e argumentativas). Emprego correcto das propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación) e respecto por elas nas creacións propias. Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e as principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos. Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes; selección e retención da información relevante. Intención do emisor. Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. Deliberación oral argumentada. Comprensión de lectura: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc. Identificación e emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Emprego correcto dos mecanismos de cohesión. Recoñecemento e utilización de conectores textuais. Identificación e uso de mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soportes analóxico ou dixital. Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
6	Exprésome por escrito II	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá.		
CA1.8 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	PE	10
CA1.9 - Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	TO	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas, estratexias de análise, síntese e clasificación de xeito estruturado e progresivo.		
CA2.1 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	PE	20
CA2.3 - Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada	PE	20
CA2.5 - Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse borradores e revisáronse, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical	PE	20
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados.		
CA3.2 - Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Comunicación en lingua castelá e en lingua galega II
CA3.4 - Recolleuse a conformidade da clientela co acabamento obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións	LC	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.5 - Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela	LC	15
CA3.6 - Mantívose sempre o respecto cara á clientela	LC	10
CA3.7 - Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo	PE	10
CA3.8 - Definiuse o período de garantía e as obrigas legais aparelladas	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Información á clientela
Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.
Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.
Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.
Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.
Obxeccións da clientela e o seu tratamento.

UD	Título da UD	Duración
4	Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación	17

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación		
CA4.1 - Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable	PE	20
CA4.2 - Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións	PE	20
CA4.3 - Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso	LC	15
CA4.4 - Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación	LC	15
CA4.5 - Cubriuse unha folla de reclamación	PE	15

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.6 - Compartiuse información co equipo de traballo	LC	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Tratamento de reclamacións
Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación.
Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Atende posible clientela, recoñecendo as técnicas de comunicación	16

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas de comunicación	Comunicación para atender a clientela	16

Criterios de avaliación

RA1 - Atende posible clientela, recoñecendo as técnicas de comunicación

CA1.1 - Analizouse o comportamento da clientela posible

CA1.2 - Adaptáronse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida

CA1.3 - Obtívose a información necesaria da posible clientela

CA1.4 - Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta

CA1.5 - Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.)

CA1.6 - Deuse resposta a unha pregunta de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado

CA1.7 - Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as

CA1.8 - Mantívose unha actitude conciliadora e sensible cara ás demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato

CA1.9 - Transmitiuse información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa

Contidos
BC1 - Atención á clientela
C1.1 - Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen.
C1.2 - Barreiras e dificultades comunicativas.
C1.3 - Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais.
C1.4 - Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal.

Obxectivos específicos
Identificar os elementos da comunicación

Resultados ou produtos
Exercicios resoltos

Recursos específicos
Apuntes do profesor Proxector Encerado

UD	Título da UD	Duración
2	Comunica á posible clientela as posibilidades do servizo e xustifícaas desde o punto de vista técnico	16

	Actividade	Descrición	Duración
1	Comunicación dos servizos a clientela	Comunicación dos servizos a clientela	16

Criterios de avaliación

RA2 - Comunica á posible clientela as posibilidades do servizo e xustifícaas desde o punto de vista técnico

CA2.1 - Analizouse a tipoloxía de público

CA2.2 - Diferenciouse clientela de provedores/as e do público en xeral

CA2.3 - Recoñeceuse a terminoloxía básica de comunicación comercial

CA2.4 - Diferenciouse entre información e publicidade

CA2.5 - Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público

CA2.6 - Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables

CA2.7 - Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada unha

CA2.8 - Solicitóuselle á clientela que comunique a elección da opción elixida

Contidos

BC2 - Venda de produtos e servizos

C2.1 - O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento.

C2.2 - Exposición das calidades dos produtos e servizos.

C2.3 - O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela.

C2.4 - Técnicas de venda.

Obxectivos específicos

Analizar as posibilidades do servizo a clientela

Resultados ou produtos

Exercicios resoltos

Recursos específicos

Apuntes do profesor
Proxector
Encerado

UD	Título da UD	Duración
3	Informa a probable clientela do servizo realizado e xustifica as operacións executadas	16

	Actividade	Descrición	Duración
1	Informar a clientela do servizo realizado	Informar e xustificar as operacións realizadas do servizo	16

Criterios de avaliación

RA3 - Informa a probable clientela do servizo realizado e xustifica as operacións executadas

CA3.1 - Fíxose entrega á clientela dos artigos procesados e informouse dos servizos realizados nos artigos

CA3.2 - Transmitíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso

CA3.3 - Identificáronse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto

CA3.4 - Recolleuse a conformidade da clientela co acabamento obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións

CA3.5 - Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela

CA3.6 - Mantívose sempre o respecto cara á clientela

CA3.7 - Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo

CA3.8 - Definiuse o período de garantía e as obrigas legais aparelladas

Contidos

BC3 - Información á clientela

C3.1 - Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.

C3.2 - Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.

C3.3 - Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.

C3.4 - Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.

C3.5 - Obxeccións da clientela e o seu tratamento.

Obxectivos específicos

Informar das operacións realizadas do servizo a clientela

Resultados ou produtos

Exercicios resoltos

Recursos específicos

Apuntes do profesor
Proxector
Encerado

UD	Título da UD	Duración
4	Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación	17

	Actividade	Descrición	Duración
1	Reclamacións da clientela	Protocolo de actuación das reclamacións	17

Criterios de avaliación

RA4 - Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación

CA4.1 - Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable

CA4.2 - Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións

CA4.3 - Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso

CA4.4 - Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación

CA4.5 - Cubriuse unha folla de reclamación

CA4.6 - Compartiuse información co equipo de traballo

Contidos

BC4 - Tratamento de reclamacións

C4.1 - Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación.

C4.2 - Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións.

Obxectivos específicos

Analizar os protocolos de actuación das reclamacións

Resultados ou produtos

Exercicios resoltos

Recursos específicos

Apuntes do profesor
Proxector
Encerado

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A observación do alumnado nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer a súa situación de partida . Realizarase unha avaliación inicial que terá por obxectivo avaliar: -A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e o traballo persoal; atención ante as explicacións do profesor, preguntas, participación xeral e esforzo ante as tarefas encomendadas, presentación en tempo e forma das mesmas, e coidado do material e o caderno de traballo do Módulo. -Asistencia e comportamento. -Coñecementos e formación anteriores. Coñecida a situación de partida do alumno/a, tentarase establecer a tempo as medidas oportunas para a consecución dos obxectivos fixados.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**25**	**25**	**25**	**25**	**100**
Lista de cotexo	40	60	60	45	**51**
Proba escrita	60	40	40	55	**49**

Procedemento e criterios de cualificación:

1. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN DO MÓDULO
Para a superación do módulo ou avaliación parcial deberán estar superadas tódalas UD avaliadas ata o momento de realización da mesma, obtendo en cada unidade unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre un máximo de 10.
A cualificación acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante dos distintos instrumentos de avaliación en cada unidade didáctica segundo a ponderación establecida nesta programación na columna de peso (%).
Para aquel alumnado cunha nota que acade como mínimo 5 puntos, as fraccións decimais iguais ou superiores ao medio punto redondearase por exceso, e en fraccións decimais inferiores ao medio punto non existirá redondeo á alza. Para aquel alumnado cunha nota que non chega a 5 puntos, se existe fracción decimal, en ningún caso se redondeará á alza, sexa cal sexa o valor desta.
2. CUALIFICACIÓN POR UD.
Para a superación de cada UD haberá que obter unha nota mínima de 5 puntos sobre 10, que será resultado:
- Da única proba desenvolvida da UD.
- Da media ponderada das diferentes probas desenvolvidas en función do seu peso non módulo, en cuio caso, en cada unha delas haberá de obter un mínimo de 5 puntos para considerala, a súa vez, superada.
O peso na cualificación das UD será 80% para a proba escrita exame (teórica e/ou práctica) e 20% restante para a proba escrita tarefas de aula, listas de cotexo e/ou táboas de observación correspondentes a cada UD, que se indicarán pola profesora. Cada proba escrita exame cualificarase sobre 10, sendo preciso para aprobalas, acadar un mínimo de 5 puntos.
As probas escritas tarefas de cada Unidade didáctica serán avaliables de 0 a 10 puntos e os aspectos a valorar das mesmas serán:
- contido axustado ás indicacións do profesor
- o tempo de realización.
- a iniciativa, a autonomía, a creatividade, a capacidade de traballo en equipo.
Cada proba escrita traballo non entregada en plazo terá unha calificación (se é calificable) de cero puntos.
NOTA FINAL DO MÓDULO:
Será o resultado da media ponderada de todas as UD en función do peso de cada unha delas no módulo. No caso de

non acadar a nota de 5 nunha UD, a nota do módulo será como máximo de 4.

Procedemento e criterios de recuperación

Para a recuperación de cada avaliación non superada durante o período ordinario, programaranse actividades e traballos de forma individualizada que permitan ao alumno/a adquirir as capacidades ou destrezas non acadadas. O alumno/a que non supere unha avaliación parcial, poderá presentarse aos exames de recuperación fixados polo docente que abarquen os contidos das partes que teña suspensas. Se a pesar do proceso de recuperación, algún alumno/a non superase algunha avaliación, terá dereito a unha proba final ordinaria que englobe os contidos das avaliacións que teña suspensas.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para a recuperación de cada avaliación non superada durante o período ordinario, programaranse actividades e traballos de forma individualizada que permitan ao alumno/a adquirir as capacidades ou destrezas non acadadas. O alumno/a que non supere unha avaliación parcial, poderá presentarse aos exames de recuperación fixados polo docente que abarquen os contidos das partes que teña suspensas. Se a pesar do proceso de recuperación, algún alumno/a non superase algunha avaliación, terá dereito a unha proba final ordinaria que englobe os contidos das avaliacións que teña suspensas.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

A avaliación continua do/a alumno/a require da súa asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia a clase non xustificadas, igual o superior ó 10% do total do horario do módulo, perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade e non poderá ser avaliado polos traballos propostos nin pola súa defensa-exposición pública. Mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas as que se houbese presentado.
Estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre todos os contidos do módulo segundo o calendario marcado pola xefatura de estudos.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Para posibilitar a consecución por parte do alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, propóñense as seguintes medidas:
 - Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos/as que así o requiran.
- Buscar a comprensión dos aspectos esenciais de cada unidade por parte de todo o grupo.
 - A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno/a.
- Seguimento do traballo diario e valoración da evolución que presente o alumno/a respecto da situación inicial.
Ademais do exposto anteriormente levarase a cabo a:
 - Realización de mapas conceptuais, elaboración de cuestionarios e exercicios prácticos.
 - Repetición das prácticas ou simulacións

8.1. Programación da educación en valores.

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en equipo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes, e a educación para a convivencia. Tamén se traballarán aspectos tan fundamentais tales como :
 -A puntualidade, a honradez, a limpeza, a boa presenza e o bo trato, etc.
-Compañeirismo e respecto aos compañeiros/as e profesores/as.
-Coidado do espazo de traballo, do mobiliario e material da aula informática.

-Respecto ó medio ambiente e ós valores democráticos.
-Fomento do consumo responsable.
-Cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo.
-Responsabilidade e puntualidade na entrega dos traballos e tarefas encomendados.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

As fixadas polo Departamento, entre as que estarán asistir a visitas a empresas, viveiros de empresas, cámara de comercio, ou tamén coloquios e charlas informativas de especialistas.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación farase cunha periodicidade mensual. Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:
- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados. - Os resultados académicos acadados. Para a avaliación da práctica docente recadarase información a través de cuestionarios anónimos periódicos facilitados ao alumnado nos que se solicitará: Valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación empregadas, así como cuestións que indiquen si se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

11.1. Outros apartados.

1. Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguemento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período. Tamén terá a súa disposición os Foros da aula virtual para a consulta de dúbidas.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D1COM001100 - Servizos comerciais	A

Módulo
AM3164 - Ciencias aplicadas II (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
7	146	50	175	175

Profesorado responsable

Docentes
Rodríguez Reino, María del Pilar

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 13

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 36

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 37

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 38

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 38

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 38

8.1. Programación da educación en valores. 39

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 39

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 39

11.1. Outros apartados. 39

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O entorno produtivo de Pontevedra e os seus arredores baséase principalmente no sector servizos e en pequenas e medianas empresas, polo que son necesarios profesionais formados en marketing, atención ao cliente, preparación de pedidos, merchandising, etc.
Por este motivo, a programación adecúase a ditas necesidades e permite formar ao alumnado na materia de ciencias aplicadas, de xeito que sexa capaz de formular, plantexar, interpretar e resolver problemas, aplicando o razoamento e o cálculo para desenvolverse no entorno laboral e xestionar os recursos económicos.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Números e problemas	Resolve problemas en diferentes contextos interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante.	13	30
2	A ciencia	Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais, e emprega a devandita metodoloxía científica en diversas situacións.	12	15
3	Álxebra	Usa a linguaxe alxébrica e as relacións para resolver problemas en diferentes contextos e comproba a corrección e a coherencia das solucións atopadas.	13	30
4	A materia e os seus cambios	Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos, e é quen de interpretar e transmitir correctamente información sobre os devanditos fenómenos.	12	15
5	Estatística	Organiza e analiza información estatística usando ferramentas tecnolóxicas, asigna probabilidades en experimentos sinxelos e comunica os resultados de xeito clara e rigoroso.	13	30
6	Forzas e enerxía	Caracteriza e explica fenómenos e aplicacións relacionados coas forzas e a enerxía, e valora o uso responsable da enerxía.	12	20
7	Medidas en figuras xeométricas	Realiza medidas e estimacións en figuras planas e tridimensionais usando as ferramentas necesarias.	12	15
8	Equilibrio medioambiental e desenvolvemento sostible	Examina o funcionamento dos sistemas biolóxicos e xeolóxicos, analizando os riscos naturais, e promovendo un desenvolvemento sostible.	13	20

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Números e problemas	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Resolve problemas en diferentes contextos interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante		
CA2.1 - Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	PE	10
CA2.2 - Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	PE	30
CA2.3 - Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	PE	10
CA2.4 - Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	LC	10
CA2.5 - Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	PE	20
CA2.6 - Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	LC	10
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Sentido numérico
Números e operacións. Identificación e representación de cantidades con números decimais, racionais e irracionais relevantes (raíces cadradas, etc.). Representación e ordenación de números na recta numérica. Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos.
Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns e profesionais.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
2	A ciencia	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais, e emprega a devandita metodoloxía científica en diversas situacións		
CA1.1 - Expuxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles	PE	20
CA1.2 - Deseñáronse e realizáronse experimentos, e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio, utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese	TO	10
CA1.3 - Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas	PE	20
CA1.4 - Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	PE	20
CA1.5 - Empregáronse e citáronse de forma adecuada fontes fiables, seleccionando a información científica relevante na consulta e na creación de contidos, e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva	PE	10
CA1.6 - Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión	TO	5
CA1.7 - Emprendéronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade	LC	4
CA1.8 - Valorouse a contribución da ciencia á sociedade e o labor dos homes e as mulleres que se dedican ao seu desenvolvemento, entendendo a investigación como un labor colectivo en constante evolución, froito da interacción entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente	LC	5
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	2
CA9.2 - Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión	TO	2
CA9.3 - Emprendéronse, de xeito guiado e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade	LC	2

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Destrezas científicas básicas
Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. Identificación e formulación de cuestións. Elaboración de hipóteses. Comprobación mediante experimentación. Análise e interpretación de resultados.
Contornas e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e as contornas virtuais): utilización adecuada, asegurando a conservación da saúde propia e comunitaria, a seguridade e o respecto polo ambiente.
Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar e profesional en diferentes formatos.
Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano, así como ao avance e á mellora da sociedade.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
3	Álxebra	30

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA4 - Usa a linguaxe alxébrica e as relacións para resolver problemas en diferentes contextos, e comproba a corrección e a coherencia das solucións atopadas		
CA4.1 - Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	PE	25
CA4.2 - Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas	PE	25
CA4.3 - Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	PE	20
CA4.4 - Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	TO	5
CA4.5 - Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	TO	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.6 - Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	TO	10
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Sentido alxébrico
Linguaxe alxébrica. Expresión de relacións mediante linguaxe alxébrica. Equivalencia de expresións alxébricas de segundo grao. Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións de segundo grao en problemas de contextos diferentes. Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións.
Relacións e funcións. Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. Interpretación da información relevante en situacións reais (funcións cuadráticas, de proporcionalidade inversa, etc.).
Estratexias para a interpretación e modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de seren analizados utilizando programas e outras ferramentas.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
4	A materia e os seus cambios	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos, e é quen de interpretar e transmitir correctamente información sobre os devanditos fenómenos		
CA6.1 - Identificáronse e comprendéronse os fenómenos naturais relevantes, para os explicar a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas	PE	25

Criterios de avaliación	IA	%
CA6.2 - Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	PE	20
CA6.3 - Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	PE	25
CA6.4 - Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	LC	20
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - A materia e os seus cambios
Composición da materia. Relación, a partir da súa configuración electrónica, da distribución dos elementos na táboa periódica coas súas propiedades fisicoquímicas máis importantes para atopar xeneralidades. O enlace químico. Propiedades das substancias en función do enlace e a estrutura.
Cuantificación da cantidade de materia de sistemas de diferente natureza, e, nos termos xerais da linguaxe científica, para manexar diferentes formas de medida e expresión desta na contorna científica.
Formulación e nomenclatura de substancias químicas de compostos de maior relevancia ou utilidade social, ou relacionadas coa familia profesional correspondente, segundo as normas da IUPAC.
Reaccións químicas. Ecuacións químicas sinxelas: interpretación cualitativa e cuantitativa. Cálculos estequiométricos sinxelos e interpretación dos factores que as afectan. Descrición cualitativa de reaccións químicas de relevancia no mundo cotián e profesional, incluíndo as combustións, as neutralizacións e os procesos electroquímicos sinxelos, comprobando experimentalmente algúns dos seus parámetros.
Análise de aspectos enerxéticos e cinéticos das reaccións químicas, aplicando a teoría de colisións, para explicar a reordenación dos átomos e realizar predicións relativas a procesos cotiáns importantes.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
5	Estatística	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Organiza e analiza información estatística usando ferramentas tecnolóxicas, asigna probabilidades en experimentos sinxelos e comunica os resultados de xeito clara e rigoroso		
CA5.1 - Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	PE	35
CA5.2 - Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	TO	10
CA5.3 - Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	PE	35
CA5.4 - Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	LC	5
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	5
CA9.2 - Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Sentido numérico
Estratexias de contaxe. Recontos sistemáticos con diferentes estratexias, como diagramas en árbore ou combinatoria básica. Utilización da contaxe para resolver problemas da vida cotiá e profesional, adaptando a estratexia e o tipo de contaxe ao tamaño dos números.
BC5 - Sentido estocástico
Deseño de estudos estatísticos. Formulación de preguntas adecuadas. Organización de datos. Realización de táboas e gráficos adecuados mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas.
Medidas de centralización e dispersión. Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión.
Probabilidade. Fenómenos deterministas e aleatorios. Sucesos. Aproximación á probabilidade a través das frecuencias relativas. Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace e técnicas de reconto.
Toma de decisións de experimentos simples en diferentes contextos.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.

Contidos
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
6	Forzas e enerxía	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA7 - Caracteriza e explica fenómenos e aplicacións relacionados coa enerxía, e valora o seu uso responsable		
CA7.1 - Identificáronse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas	PE	20
CA7.2 - Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	PE	20
CA7.3 - Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	PE	20
CA7.4 - Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	PE	10
CA7.5 - Relacionáronse con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación ambiental e a protección dos seres vivos da contorna, co desenvolvemento sostible e a calidade de vida	TO	15
CA7.6 - Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	TO	10
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - As interaccións e a enerxía
Predición e comprobación, mediante o razoamento lóxico-matemático, utilizando ecuacións e gráficas, da variación das principais magnitudes que describen o movemento dun corpo. Estudo dos movementos rectilíneos e circulares sinxelos.
As forzas. Relación das forzas cos cambios que producen sobre os sistemas, e aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e profesional relacionados coas forzas presentes na natureza. Identificación e manexo das principais forzas da contorna cotiá, como o peso, a normal, o rozamento ou a tensión, e o seu uso na explicación de

Contidos
fenómenos físicos en distintos escenarios.
Leis de Newton: aplicacións a fenómenos naturais e cotiáns.
A enerxía. Formulación e comprobación de hipóteses sobre as formas de enerxía e as súas aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a resolución de problemas relacionados coa enerxía mecánica. Obtención e consumo de enerxía, e as súas repercusións ambientais.
Análise dos efectos da calor sobre a materia. Recoñecemento de procesos de transferencia de calor nos que estean implicadas diferenzas de temperatura, como base da resolución de problemas cotiáns e profesionais.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
7	Medidas en figuras xeométricas	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Realiza medidas e estimacións en figuras planas e tridimensionais, usando as ferramentas necesarias e adaptando a estratexia e o grao de precisión ao contexto		
CA3.1 - Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	PE	20
CA3.2 - Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	PE	30
CA3.3 - Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	PE	20
CA3.4 - Aplicáronse procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais	LC	20
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Sentido da medida
Estimación e relacións. Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida. Estimación ou cálculo de medidas indirectas, usando diferentes estratexias, en formas e obxectos da vida cotiá e profesional.
Medición. Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais. Equivalencia entre medidas de volume e capacidade. Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para cálculo de áreas e a súa aplicación na resolución de problemas.
Uso de instrumentos de debuxo e ferramentas dixitais para modelizar e representar obxectos xeométricos con propiedades fixadas, como as lonxitudes de lados ou as medidas de ángulos.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

UD	Título da UD	Duración
8	Equilibrio medioambiental e desenvolvemento sostible	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA8 - Examina o funcionamento dos sistemas biolóxicos e xeolóxicos, analizando e previndo os riscos naturais, e promovendo un desenvolvemento sostible		
CA8.1 - Analizáronse as funcións da atmosfera e da hidrosfera, e valorouse a súa importancia para a vida na Terra, identificando o seu papel no proceso de formación e desenvolvemento do solo	PE	10
CA8.2 - Relacionáronse con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación ambiental, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida	PE	15
CA8.3 - Recoñecéronse os compoñentes e as relacións nun ecosistema analizando os factores causantes de desequilibrios, e difundíronse accións que favorezan a conservación ambiental	PE	15
CA8.4 - Recoñeceuse a información con base científica en relación co ambiente, e distinguiuse das pseudociencias, das falacias, das teorías conspiratorias e das crenzas infundadas, mantendo unha actitude escéptica ante estas	TO	15
CA8.5 - Caracterizouse a dinámica interna e externa da xeosfera en relación coas manifestacións na superficie terrestre a través da interpretación da tectónica de placas	PE	15
CA8.6 - Analizáronse os riscos naturais e as medidas de prevención destes, en relación con fenómenos xeolóxicos, e valorouse a importancia de respectar os ciclos da natureza	PE	15
RA9 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, promove activamente o traballo en equipo e participa nel, e valora as contribucións do resto do equipo		

Criterios de avaliación	IA	%
CA9.1 - Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora, e desenvolveuse un autoconcepto positivo ante as ciencias	LC	5
CA9.2 - Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión	TO	5
CA9.3 - Emprendéronse, de xeito guiado e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade	TO	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC8 - A Terra como sistema e o desenvolvemento sustentable
A atmosfera e a hidrosfera. Funcións. Interaccións coa biosfera e a xeosfera na edafoxénese. Importancia para a vida na Terra.
Os ecosistemas. Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.
O cambio climático. Causas e consecuencias. Efectos globais das acción individuais e colectivas. Causas e consecuencias da deterioración do ambiente. Importancia da adquisición de hábitos sustentables.
Os fenómenos xeolóxicos internos e externos. Diferenciación e clasificación. Manifestacións na superficie terrestre. Teoría da tectónica de placas.
Os riscos naturais. Medidas de prevención. Relación cos fenómenos xeolóxicos e determinadas actividades humanas. Importancia de respectar o relevo e os ciclos da natureza.
BC9 - Sentido socioafectivo
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

Valorarase a realización de traballos e actividades con un peso na cualificacion do 30%. Neste apartado valoraranse a realización de exercicios, e os traballos individuais ou en grupo que se propoñan para acadar esta parte da nota.
Cada proba será puntuada de 0 a 10 puntos e para que o alumno/a a supere deberá ter unha nota igual ou superior a 5 .
- Avaliación final do módulo: A cualificación final obterase coa media ponderada de todas as unidades didácticas segundo o peso determinado no apartado 2.1, sendo imprescindible para aplicar dita media ter cada unidade aprobada.
A utilización por parte do alumnado de calquera dispositivvo non autorizado ou copiar por calquera método nas probas obxectivas, así como a entrega de traballos realizados por outras personas ou publicados en internet ou en noutro medio, supón recuperar a materia correspondente na proba final ou, no seu caso, entregar outro traballo orixinal.
Procederá a realización dunha proba por ausencia do alumno/a na data na que se fan todas as probas pendentes sempre e cando o alumnado afectado teña un motivo xustificado documentalmente.

Procedemento e criterios de recuperación

O alumnado que curse o módulo de "Operacións auxiliares de almacenaxe" terán tres avaliacións parciais e unha avaliación final de recuperación das UD non superadas. A recuperación das UD non superadas polo alumnado consisten en facer unha proba escrita de contido teórico e/ou práctico de cada unha das unidades didácticas non superadas.
A nota para o aprobado do módulo, terá que ser 5 ou superior na media, e a nota final do módulo consistirá na media ponderada das notas acadadas en cada unidade didáctica, segundo o peso especificado no apartado 3.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que estea en 2º curso con este módulo pendente, realizará unha proba obxectiva final, que tamén constará dunha parte teórica e outra práctica, e para superala será necesario superar os criterios considerados como mínimos esixibles en cada unha das partes. A valoración de cada parte da proba será de 0 a 10 puntos e a nota final obtida no módulo será a media aritmética de ambas. Además deberá realizar os problemas, exercicios, cuestións e traballos que a profesora lle indique na aula virtual ao longo do curso, que lle facilitarán a preparación da mencionada proba.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Cando un alumno ou alumna perda o dereito a avaliación continua por ter un total de faltas de asistencia non xustificadas superior ao 10% do total do horario do módulo non poderá presentarse ás probas obxectivas correspondentes ás distintas unidades didácticas e perderá as cualificacións parciais daquelas probas que xa tivera realizado. De ser este o caso, o alumno ou alumna será avaliado mediante unha proba extraordinaria sobre toda a materia descrita nesta programación do módulo. Dita proba terá unha parte teórica e outra práctica, cada parte será valorada de 0 a 10 puntos e para superar a proba final será necesario acadar un 5 en cada parte. A cualificación que obterá o alumnado será a nota media das notas de cada parte. A proba obxectiva final será realizada antes da avaliación final do módulo.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas de reforzo educativo serán:
- atención personalizada na aula, tarefas de repaso, traballos individuais, de reforzo e de profundiización adaptadas o alumnado que as necesiten, seguemento da realización das tarefas por parte do profesor/a para detectar dificultades e ver a evolución do alumno/a.
- para aquel alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo(NEAE) teranse previstas as adaptacións e medidas necesarias en canto a recursos didácticos, a organización do espazo na aula, as actividades de ensinanza-aprendizaxe e de avaliaación, sempre co asesoramento e as recomendacións do Departamento de Orientación.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores é un proceso formativo que busca inculcar principios éticos e morais nas persoas, co obxectivo de formar cidadáns responsables e conscientes. Non se limita á transmisión de coñecementos, senón que busca desenvolver habilidades sociais, emocionais e éticas que permitan aos individuos desenvolverse de maneira positiva na sociedade. Esta educación céntrase en valores como o respecto, a honestidade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia, entre otros.

A educación en valores complementa a formación académica, contribuíndo a un desenvolvemento integral da persoa, tanto no ámbito cognitivo como no emocional e social. Ademais, promove habilidades como a empatía, a comunicación efectiva, a resolución de conflitos e a colaboración, fundamentais para a convivencia e o traballo en equipo. Pódese integrar en todas as áreas do currículo, non só en materias específicas, e pódese fomentar a través de actividades prácticas, dinámicas de grupo, debates e proxectos que promovan a reflexión e a acción.
A educación en valores forma parte dos obxetivos do Centro, polo que tamén de cada un dos módulos formativos.
En todo momento e polo tanto nas horas de clases tratarase de formar no seguintes:
-Toma de conciencia polos valores persoais.
-Valoración da necesidade do cumprimento das normas de convivencia.
-Traballo en grupo e a propia autoestima.
- Educación ambiental, é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas

inocuos.
- Educación na Prevención de Accidentes, Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde. Respecto pola saúde persoal e colectiva. Intentarase establecer relación entre saúde e condicións dos centros de traballo e a posibilidade de recuperala mediante una serie de prestación de todo tipo ás que temos dereito como cidadáns: sanitarias, farmaceutica, etc. Farase ver ó alumnado os efectos beneficosos dos bos hábitos, tanto alimenticios, posturais, utlización de equipos de protección individual... que impidan a merma das nosas condición físicas e psíquicas.
- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc...Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.
- Educación para a Paz: Promoveranse actitudes de convencia, respeto, colaboración e solidaridade, fomentado o dialogo como o camiños máis apto para solucionar os conflictos.
Fomentaranse actitudes de respecto polas normas, aceptación das diferenzas, cooperación, tolerancia, traballo en equipo, etc., que fagan que o alumnado se incorpore e participle nunha Sociedad democrátia.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Programación de actividades que acheguen ao alumnado ao mundo das empresas da contorna. Serán as acordadas polo Departamento tanto ao comezo do curso como as que xurdan ao longo do mesmo: conferencias, videoconferencias, asistencia a feiras, eventos, etc.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación do módulo realizarase cunha frecuencia mínima mensual. Reflectirase o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Ao final de curso realizarase unha valoración global do seguemento da mesma.

11.1. Outros apartados.

1. EN CASO DE APRENDIZAXE TELEMÁTICO

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.
Metodoloxía no caso de ensinanza telemática total (por confinamento)
Nesta situación farase un uso como mais extensivo tanto dos vídeos como das explicacións por medio de videoconferencia.
Metodoloxía no caso de ensinanza telemática para algún alumno en corentena
O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguimento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D1COM001100 - Servizos comerciais	A

Módulo
MP3006 - Preparación de pedidos e venda de produtos (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
5	204	50	245	109

Profesorado responsable

Docentes
Bermudez Sanchez, Maria Teresa, González Abuín, Alba

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 7

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 16

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 16

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 17

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 17

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 18

8.1. Programación da educación en valores. 19

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 20

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 20

11.1. Outros apartados. 20

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O entorno produtivo de Pontevedra e comarca está baseado en PEMES e no sector servizos fundamentalmente. Empresas nas que se realizan todo tipo de funcións, polo que demanda profesionais cunha formación ampla que contemple todos os ámbitos fucionais da empresa.
Podendo traballar como

- Auxiliar de dependente de comercio.
- Auxiliar de animación do punto de venda.
- Auxiliar de venda.
- Auxiliar de promoción de vendas.
- Empleada / empleado de reposición.
- Operador / operadora de cobro ou Caixera / caixero.
- Operaria / operario de pedidos.
- Carretilleira / carretilleiro de recepción e expedición.
- Contador / contadora de recepción e expedición.
- Operaria / operario de loxística.
- Auxiliar de información.

Además pode cursar outors Estudos posteriores: Un ciclo de formación profesional de grao medio (esta titulación terá preferencia para o acceso a todos os ciclos de formación profesional nos ámbitos profesionais de Comercio e Márketing, Administración e Xestión, Téxtil, Confección e Coiro, Vidro e Cerámica e Artes Gráficas).

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Asesoramento no punto de venda	Análise das fases do proceso de atención á clientela e dos períodos de garantía, así como das principais técnicas de venda.	25	30
2	Conformación de pedidos de mercadorías e productos	Estudo do concepto e características dos produtos, os principais documentos de compravenda relacionados co almacén e os métodos de preparación de pedidos.	25	30
3	Preparación de pedidos para a expedición	Análise dos procesos que se desenvolven na expedición de mercancías	25	24
4	Seguimento do servizo posvenda	Desenvolvemento dos conceptos calve do servizo postvenda	25	25

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Asesoramento no punto de venda	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Asesora sobre as características dos produtos solicitados e selecciona as mercadorías requiridas de acordo coas instrucións establecidas		

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.1 - Identificáronse as fases do proceso de atención á clientela e preparación de pedidos en comercios, grandes superficies, almacéns e empresas ou departamentos de loxística	PE	20
CA1.2 - Aplicáronse técnicas de comunicación adecuadas ao público obxectivo do punto de venda, adaptando a actitude e discurso á situación de partida, obtendo a información necesaria da posible clientela	TO	20
CA1.3 - Déronse respostas a preguntas de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado	TO	15
CA1.4 - Mantívose unha actitude conciliadora e sensible coas demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato e transmitindo a información con claridade e de xeito estruturado e preciso	TO	15
CA1.5 - Informouse a posible clientela das características dos produtos, nomeadamente das calidades esperables e das formas de uso e consumo, argumentando sobre as súas vantaxes e comunicando o período de garantía	TO	15
CA1.6 - Relacionáronse as operacións de cobramento e devolución coa documentación das posibles transaccións	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Asesoramento no punto de venda
Fases do proceso de atención á clientela e de preparación de pedidos.
Períodos de garantía. Requisitos para que a garantía sexa efectiva.
Documentación relacionada coas operacións de cobramento e devolución.
Técnicas básicas de venda. Técnicas de pechamento de vendas.
Atención á clientela.

UD	Título da UD	Duración
2	Conformación de pedidos de mercadorías e productos	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Conforma pedidos de acordo cos requisitos da posible clientela, aplicando técnicas de medición e pesaxe mediante ferramentas manuais e terminais específicos		
CA2.1 - Aplicáronse as recomendacións básicas de seguridade, hixiene e saúde na manipulación, na conservación e na embalaxe de pedidos de mercadorías ou produtos, interpretando correctamente a simboloxía relacionada	PE	15
CA2.2 - Interpretouse a información contida en ordes de pedido tipo e cubríronse os documentos relacionados (follas de pedido, albarás, ordes de repartición, "packing list", etc.)	LC	15

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.3 - Describíronse os danos que poden sufrir as mercadorías ou os produtos durante a súa manipulación para a conformación e preparación de pedidos	PE	15
CA2.4 - Describíronse as características dun TPV e os procedementos para a utilización de medios de pagamento electrónicos	PE	15
CA2.5 - Realizáronse operacións de pesaxe e medición coas ferramentas e os equipamentos requiridos	PE	10
CA2.6 - Identificáronse os documentos de entrega asociados á venda e ás devolucións, realizando, de ser o caso, pechamentos de caixa	LC	15
CA2.7 - Aplicáronse as normas básicas de prevención de riscos laborais, utilizando os equipamentos de protección individual relacionados coa manipulación de mercadorías e produtos	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Conformación de pedidos de mercadorías e produtos
Tipos de mercadorías e produtos: características.
Pictogramas de mercadorías. Pictogramas de manipulación.
Métodos de preparación de pedidos: manuais, semiautomáticos e automáticos.
Manipulación e conservación de produtos. Recomendacións de seguridade, hixiene e saúde.
Pesaxe, colocación e visibilidade. Equipamentos de pesaxe.

UD	Título da UD	Duración
3	Preparación de pedidos para a expedición	24

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Prepara pedidos para a súa expedición aplicando procedementos manuais e automáticos de embalaxe e etiquetaxe mediante equipamentos específicos		
CA3.1 - Describíronse os pasos e os procedementos xerais para a preparación de pedidos (selección, agrupamento, etiquetaxe e presentación final)	PE	20
CA3.2 - Identificáronse os principais tipos de envases e embalaxes, tendo en conta as súas relacións coas características físicas e coas técnicas dos produtos ou das mercadorías que conteñen	PE	15
CA3.3 - Utilizáronse os criterios de etiquetaxe establecidos, consignando, de ser o caso, o número de unidades, a medida e/ou o peso das mercadorías ou dos produtos embalados	PE	20

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.4 - Tomáronse as medidas oportunas para reducir os residuos xerados polos procesos de embalaxe	PE	15
CA3.5 - Manexouse coa precisión requirida os equipamentos de pesaxe e/ou contaxe manual e/ou mecánica, utilizando as unidades de medida e peso especificadas nas ordes de pedido	TO	15
CA3.6 - Aplicáronse as medidas e as normas de seguridade, hixiene e saúde establecidas, retirando os residuos xerados na preparación e na embalaxe	TO	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Preparación de pedidos para a expedición
Operativa básica na preparación de pedidos. Pasos e características.
Documentación para a preparación de pedidos. Control do proceso: rastrexabilidade.
Finalización de pedidos.
Normas de prevención de riscos laborais de aplicación á preparación de pedidos. Accidentes e riscos habituais.
Hixiene postural. Recomendacións na manipulación manual de cargas.

UD	Título da UD	Duración
4	Seguimento do servizo posvenda	25

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Realiza o seguimento do servizo posvenda identificando as situacións posibles e aplicando os protocolos correspondentes		
CA4.1 - Describíronse as funcións do servizo posvenda	PE	15
CA4.2 - Identificáronse os procedementos para tratar as reclamacións e os documentos asociados (formularios de reclamacións, follas de reclamacións, cartas, etc.)	PE	15
CA4.3 - Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións	PE	20
CA4.4 - Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar e o nivel de probabilidade de modificación esperable	TO	15
CA4.5 - Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso	TO	15

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.6 - Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación, clasificáronse e transmitíuselle a súa información á persoa responsable do seu tratamento	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Seguimento do servizo posvenda
Servizo posvenda.
Entrega de pedidos.
Reclamacións. Orientacións para tratar a clientela.
Documentos necesarios para a xestión de reclamacións.
Aspectos básicos da lei de ordenación do comercio retallista.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Asesoramento no punto de venda	30

	Actividade	Descrición	Duración
1	Asesoramento no punto de venda.	Atención á clientela Análise das fases do proceso de atención á clientela e da documentación relacionada coas vendas e as devolucións no punto de venda.	20

Criterios de avaliación

RA1 - Asesora sobre as características dos produtos solicitados e selecciona as mercadorías requiridas de acordo coas instrucións establecidas

CA1.1 - Identificáronse as fases do proceso de atención á clientela e preparación de pedidos en comercios, grandes superficies, almacéns e empresas ou departamentos de loxística

CA1.2 - Aplicáronse técnicas de comunicación adecuadas ao público obxectivo do punto de venda, adaptando a actitude e discurso á situación de partida, obtendo a información necesaria da posible clientela

CA1.3 - Déronse respostas a preguntas de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado

CA1.4 - Mantívose unha actitude conciliadora e sensible coas demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato e transmitindo a información con claridade e de xeito estruturado e preciso

CA1.5 - Informouse a posible clientela das características dos produtos, nomeadamente das calidades esperables e das formas de uso e consumo, argumentando sobre as súas vantaxes e comunicando o período de garantía

Contidos

BC1 - Asesoramento no punto de venda

C1.1 - Fases do proceso de atención á clientela e de preparación de pedidos.

C1.2 - Períodos de garantía. Requisitos para que a garantía sexa efectiva.

C1.4 - Técnicas básicas de venda. Técnicas de pechamento de vendas.

C1.5 - Atención á clientela.

Obxectivos específicos

Coñecer o concepto de atención á clientela e identificar as fases deste proceso.

Aplicar técnicas de comunicación axeitas ao público obxectivo do punto de venda, utilizando o léxico comercial axeitado.

Coñecer as principais técnicas e de venda.

Resultados ou produtos

Táboa que recolla as técnicas de comunicación a utilizar con cada tipoloxía de clientela. Esquema das fases de atención á clientela. Cuestionario sobre atención á clientela resolto.
Resolución de dúbidas, presentacións das actividades resoltas
Presentacion de casos prácticos resoltos
Resultados do exame

Recursos específicos

Aula Virtual, pizarra dixital, modelos de facturas e equipos informáticos con conexión a Internet

	Actividade	Descrición	Duración
2	Documentación das tarefas de cobro e devolución.	Documentación relacionada coas operacións de cobro e devolución. Rexistro de pedidos e albaráns e confección de facturas.	10

Criterios de avaliación

RA1 - Asesora sobre as características dos produtos solicitados e selecciona as mercadorías requiridas de acordo coas instrucións establecidas

CA1.6 - Relacionáronse as operacións de cobramento e devolución coa documentación das posibles transaccións

Contidos

BC1 - Asesoramento no punto de venda

C1.3 - Documentación relacionada coas operacións de cobramento e devolución.

Obxectivos específicos

Identificar os documentos comerciais asociados ás operacións de venda e devolución.

Comprender a función de cada documento.

Cubrir de maneira correcta e completa os documentos comerciais. Aplicar procedementos estandarizados de cobramento e devolución.
Resultados ou produtos Cadro-resumo dos documentos de cobro e devolución, documentación cuberta polo alumnado, simulación de operacións de cobro, simulación de devolución. Cuestionario autoevaluable e exame final.
Recursos específicos Aula Virtual, pizarra dixital, modelos de facturas e equipos informáticos con conexión a Internet

UD	Título da UD	Duración
2	Conformación de pedidos de mercadorías e productos	30

	Actividade	Descrición	Duración
1	Conformación de pedidos e medios de pagamento.	Métodos de preparación de pedidos, manuais, semiautomáticos e automáticos. Interpretación da información contida nas follas de pedido, albarás, ordes de repartición, "packing list", etc..Descripción das características dun TPV.	16

Criterios de avaliación

RA2 - Conforma pedidos de acordo cos requisitos da posible clientela, aplicando técnicas de medición e pesaxe mediante ferramentas manuais e terminais específicos

CA2.1 - Aplicáronse as recomendacións básicas de seguridade, hixiene e saúde na manipulación, na conservación e na embalaxe de pedidos de mercadorías ou produtos, interpretando correctamente a simboloxía relacionada

CA2.2 - Interpretouse a información contida en ordes de pedido tipo e cubríronse os documentos relacionados (follas de pedido, albarás, ordes de repartición, "packing list", etc.)

CA2.3 - Describíronse os danos que poden sufrir as mercadorías ou os produtos durante a súa manipulación para a conformación e preparación de pedidos

CA2.4 - Describíronse as características dun TPV e os procedementos para a utilización de medios de pagamento electrónicos

CA2.6 - Identificáronse os documentos de entrega asociados á venda e ás devolucións, realizando, de ser o caso, pechamentos de caixa

Contidos

BC2 - Conformación de pedidos de mercadorías e produtos

C2.1 - Tipos de mercadorías e produtos: características.

C2.2 - Pictogramas de mercadorías. Pictogramas de manipulación.

C2.3 - Métodos de preparación de pedidos: manuais, semiautomáticos e automáticos.

Obxectivos específicos

Interpretar a información contida en ordes de pedido e cubrir os documentos relacionados co pedido.

Describir os danos que poden sufrir as mercadorías durante a súa conformación e preparación de pedidos.

Describir as características dun TPV e os procedementos para a utilización de medios de pagamento electrónico.

Aplicar os documentos de entrega asociados á venda e ás devolucións

Resultados ou produtos

Táboa que recolla os tipos de produtos e características. Pictogramas das mercadorías e de manipulación. Documentación relacionada co pedido, folla de pedidos, libro de control de pedidos e albarán. Cuestionario sobre a conformación de pedidos, pictogramas e pesaxes. Resolución de dúbidas, presentacións das actividades resoltas. Presentación de casos prácticos resoltos. Resultados do exame.

Recursos específicos

Aula virtual, pizarra dixital, modelos de documentación de pedidos e equipos informáticos con conexión a internet.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Equipamentos de pesaxe	Pesaxe, colocación e visibilidade.	7

Criterios de avaliación

RA2 - Conforma pedidos de acordo cos requisitos da posible clientela, aplicando técnicas de medición e pesaxe mediante ferramentas manuais e terminais específicos

CA2.5 - Realizáronse operacións de pesaxe e medición coas ferramentas e os equipamentos requiridos

Contidos

BC2 - Conformación de pedidos de mercadorías e produtos

C2.5 - Pesaxe, colocación e visibilidade. Equipamentos de pesaxe.

Obxectivos específicos

Identificar as operacións de pesaxe e medición coas ferramentas e equipamentos requeridos.

Resultados ou produtos

Esquema que recolla as operacións de pesaxe e medición. Cuestionario resolto. Resolución de dúbidas, presentacións das actividades resoltas .Presentacion de casos prácticos resoltos. Resultados do exame

Recursos específicos

Aula Virtual, pizarra dixital, modelos de facturas e equipos informáticos con conexión a Internet

	Actividade	Descrición	Duración
3	Equipamento de protección individual	Aplicación de normas básicas de prevención de riscos laborais.	7

Criterios de avaliación

RA2 - Conforma pedidos de acordo cos requisitos da posible clientela, aplicando técnicas de medición e pesaxe mediante ferramentas manuais e terminais específicos

CA2.7 - Aplicáronse as normas básicas de prevención de riscos laborais, utilizando os equipamentos de protección individual relacionados coa manipulación de mercadorías e produtos

Contidos

BC2 - Conformación de pedidos de mercadorías e produtos

C2.4 - Manipulación e conservación de produtos. Recomendacións de seguridade, hixiene e saúde.

Obxectivos específicos
Aplicar as normas básicas de prevención de riscos laborais, utlizando os equipamentos de protección individual relacionados coa manipulación de mercadorías e produtos.
Resultados ou produtos
Ficha de control de seguridade e EPI. Resolución de dúbidas, presentacións das actividades resoltas. Presentación de casos prácticos resoltos. Resultados do exame.
Recursos específicos
Aula Virtual, pizarra dixital, videos divulgativos, explicacións da profesora.

UD	Título da UD	Duración
3	Preparación de pedidos para a expedición	24

	Actividade	Descrición	Duración
1	Preparando a expedición de pedidos	Coñecer o concepto, as funcións e as características do embalaxe. Así mesmo, coñecer as normas e as recomendacións do embalaxe Identificar os principais tipos de envases e embalaxes e interpretar a información contida nas etiquetas. Operacións na preparación de pedidos. Coñecer o concepto de picking, as súas características. Elaborar listas de picking. Coñecer os equipos e medios necesarios para a expedición de mercancías. Colocación e disposición de produtos na unidade de pedido.	18

Criterios de avaliación

RA3 - Prepara pedidos para a súa expedición aplicando procedementos manuais e automáticos de embalaxe e etiquetaxe mediante equipamentos específicos

CA3.1 - Describíronse os pasos e os procedementos xerais para a preparación de pedidos (selección, agrupamento, etiquetaxe e presentación final)

CA3.2 - Identificáronse os principais tipos de envases e embalaxes, tendo en conta as súas relacións coas características físicas e coas técnicas dos produtos ou das mercadorías que conteñen

CA3.3 - Utilizáronse os criterios de etiquetaxe establecidos, consignando, de ser o caso, o número de unidades, a medida e/ou o peso das mercadorías ou dos produtos embalados

CA3.4 - Tomáronse as medidas oportunas para reducir os residuos xerados polos procesos de embalaxe

CA3.5 - Manexouse coa precisión requirida os equipamentos de pesaxe e/ou contaxe manual e/ou mecánica, utilizando as unidades de medida e peso especificadas nas ordes de pedido

Contidos

BC3 - Preparación de pedidos para a expedición

C3.1 - Operativa básica na preparación de pedidos. Pasos e características.

C3.2 - Documentación para a preparación de pedidos. Control do proceso: rastrexabilidade.

C3.3 - Finalización de pedidos.

Obxectivos específicos

Describir os pasos e os procedementos xerais para a preparación de pedidos.

Identificar os principais tipos de envase e embalaxe, tendo en conta as súas relacións e características.

Utilizar os criterios de etiquetaxe establecidos.

Coñecer os equipamentos de pesaxe utilizando as medidas e peso específicadas nas ordes de pedido.

Resultados ou produtos

Esquema das fases do proceso de preparación de produtos para a súa expedición. Análise de etiquetas de produtos alimentarios, non alimentarios, téxtiles e peligrosos. Documentación relacionada co control do proceso,

rastrexabilidade. Cuestionario sobre as operativas básicas de preparación de pedidos. Resolución de dúbidas, presentacións das actividades resoltas. Presentación de casos prácticos resoltos. Resultados do exame.

Recursos específicos

Aula virtual, pizarra dixital, modelos de documentación de pedidos e equipos informáticos con conexión a internet.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Normas de prevención de riscos	Normas de prevención de riscos e hixiene postural.	6

Criterios de avaliación

RA3 - Prepara pedidos para a súa expedición aplicando procedementos manuais e automáticos de embalaxe e etiquetaxe mediante equipamentos específicos

CA3.6 - Aplicáronse as medidas e as normas de seguridade, hixiene e saúde establecidas, retirando os residuos xerados na preparación e na embalaxe

Contidos

BC3 - Preparación de pedidos para a expedición

C3.4 - Normas de prevención de riscos laborais de aplicación á preparación de pedidos. Accidentes e riscos habituais.

C3.5 - Hixiene postural. Recomendacións na manipulación manual de cargas.

Obxectivos específicos

Coñecer as normas de prevención de riscos laborais de aplicación á preparación de pedidos.

Coñecer as reomendacións na manipulación manual de cargas.

Resultados ou produtos

Esquemas ou mapas conceptuais sobre as normas de prevención de riscos laborais. Cuestionario de autoevaluación dos contidos.

Recursos específicos

Presentación da profesora, vídeosdivulgativos, pizarra dixital e aula virtual

UD	Título da UD	Duración
4	Seguimento do servizo posvenda	25

	Actividade	Descrición	Duración
1	Seguimento do servizo posvenda	Analizar diferentes procedemento para tratar as reclamacións. Xestionar reclamacións. Describir as funcións do servizo posvenda. Analizar o concepto de reclamación. Identificar as fases do proceso de reclamacións.Coñecer os aspectos máis importantes da Lei de ordenación do comercio minorista.	25

Criterios de avaliación

RA4 - Realiza o seguimento do servizo posvenda identificando as situacións posibles e aplicando os protocolos correspondentes

CA4.1 - Describíronse as funcións do servizo posvenda

CA4.2 - Identificáronse os procedementos para tratar as reclamacións e os documentos asociados (formularios de reclamacións, follas de reclamacións, cartas, etc.)

CA4.3 - Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións

CA4.4 - Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar e o nivel de probabilidade de modificación esperable

CA4.5 - Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso

CA4.6 - Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación, clasificáronse e transmitíuselle a súa información á persoa responsable do seu tratamento

Contidos

BC4 - Seguimento do servizo posvenda

C4.1 - Servizo posvenda.

C4.2 - Entrega de pedidos.

C4.3 - Reclamacións. Orientacións para tratar a clientela.

C4.4 - Documentos necesarios para a xestión de reclamacións.

C4.5 - Aspectos básicos da lei de ordenación do comercio retallista.

Obxectivos específicos

Describir as funcións do servizo posvenda.

Identificar os procedementos para tratar as reclamacións.

Recoñecer os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións.

Ofrecer alternativas á clientela ante reclamación.

Subministrar á clientela a información e a documentacións para a presentación dunha reclamación escrita.

Recoller os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación, clasificar e transmitir á persoa reponsable do seu tratamento.
Resultados ou produtos Esquema das fases do proceso do servizo posventa e xestión de reclamacións. Resume das funcións do servizo posvenda. Cuestionario sobre o servizo posvenda e os protocolos correspondentes. Resolución de dúbidas, presentacións das actividades e casos resoltos. Resultados do exame.
Recursos específicos Aula Virtual, pizarra dixital, modelos de reclamacións e equipos informáticos con conexión a Internet.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial farase nunha sesión na que se preguntará de maneira verbal sobre o que coñecen ou o que eles pensan que integra o módulo.
Tamén se explicarán brevemento sobre o que deberían coñecer ó rematar o curso neste módulo.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**25**	**25**	**25**	**25**	**100**
Lista de cotexo	0	30	0	0	**8**
Proba escrita	35	70	70	70	**61**
Táboa de observación	65	0	30	30	**31**

Procedemento e criterios de cualificación:

A avaliación do módulo será continua, formativa e integradora, baseada na observación do progreso do alumnado e na comprobación do grao de adquisición dos resultados de aprendizaxe mediante os criterios de avaliación establecidos no currículo.
MÍNIMOS EXIXIBLES
Todos os criterios de avaliación son mínimos esixibles, polo que será necesario acadalos nun 50% para considerar superado o módulo.
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
a) A cualificación do alumnado virá determinada pola valoración das probas escritas e das tarefas realizadas, tendo en conta os seguintes criterios:
- Probas escritas:
Haberá unha proba escrita por cada unidade que valorará os contidos explicados nas unidades que integran cada avaliación. As probas escritas serán valoradas entre 0 e 10 puntos e representarán o 80 % da nota trimestral.

- Tarefas:
Propoñerase tarefas na aula que conterán actividades relacionadas ca unidade correspondente. Para ser avaliadas, as tarefas deberán entregarse seguindo as instrucións que nelas se indiquen e respectando as normas e os prazos establecidos. Estas tarefas terán un peso do 20% da nota da trimestral.
As tarefas realizadas valoraranse a través de listas de cotexo e táboas de observación, e serán valoradas entre 0 e 10 puntos e representarán un 20% da nota.
b) A nota de cada avaliación será a suma dos apartados anteriores (80 % proba escrita + 20% tarefas).
c) A nota da avaliación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais, polo que será redondeada ao enteiro máis próximo, sempre e cando a calificación resultante chegue ao 5, e o enteiro inferior se non é o caso.
d) Para aprobar a avaliación é necesario ter unha nota igual ou superior a 5.
e) A nota final calcularase como a media ponderada das unidades didácticas, sempre que cada unha delas estea aprobada de forma independente.
f) En caso de non acadar algún criterio de avaliación, a cualificación máxima posible será 4 puntos, aínda que a media ponderada fose superior.
g) Non se admitirán tarefas nin probas fóra de prazo, salvo causa xustificada e debidamente acreditada conforme ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro.
h) En caso de plaxio, copia ou uso de materiais non autorizados, ou un uso inadecuado de ferramentas de IA, a actividade afectada pode ser obxecto dunha avaliación adicional (oral ou escrita) de non superala cualificarase con 0 puntos, e o alumnado deberá realizar unha proba extraordinaria específica para recuperar ese criterio de avaliación

Procedemento e criterios de recuperación

Poderanse plantexar probas escritas de recuperación da avaliación se así o considera o profesor. Para recuperar a Avaliación terán que sacar en cada UD ó menos un 5.
Cando un alumno/a teña algunha Unidade Didáctica pendente tras a celebración da segunda avaliación parcial, faránse as probas de recuperacións nas datas indicadas para tal efecto.
As probas de recuperación consistiran en:
- Unha ou varias probas escritas das Unidades Didacticas non superadas de cada parte do módulo
- A nota obtida en cada unidade didáctica ponderará segundo o peso de cualificación do apartado 3.3. de esta programación sempre que sexa de 5 ou máis de 5.
- Será imprescindible ter todas as unidades didácticas aprobadas (5 ou máis de 5) para poder aprobar o módulo.
O sistema de cualificación será igual que o exposto no apartado 6.1. Criterios de cualificación.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de recuperación de módulos pendentes:
Plantexaranse de modo individualizado, baseándose nas partes pendentes de recuperar por cada alumno.
O profesor indicaralle a cada un os contidos a recuperar tanto no caso de que teñan que ser valorados mediante probas escritas como se consistiran na entrega dun novo traballo ou modificación ou mellora do traballo obxecto de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos ca no apartado 6.1.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Para aqueles alumnos que non estean en idade de escolarización obligatoria, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Polo tanto ó alumnado pode faltar un 10% (faltas inxustificadas) como máximo. A perda deste dereito non supón a perda do dereito de seguir asistindo a clase. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.
Perda de avaliación contínua (PD): Que será ao alcanzar 11 faltas non xustificadas (10% do total de horas do módulo).

Enténdese por falta xustificada:
-Falecemento de familiares ata segundo grado de consanguineidade ou afinidade (xustificación mediante fotocopia do libro de familia e certificado de defunción)

-Deberes inexcusables: Comparecencia obrigatoria por citacións instadas por órganos xudiciais, comisarias ou calquera outro organismo oficial.
-Emprego do tempo necesario para facer unha doazón de sangue, médula ou plaquetas, de acordo co disposto no Real Decreto 1088/2005, do 16 de setembro, sempre que non coincida con exames.
-A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.
-Obrigas cuio imcumprimento xere á persoa interesada unha responsabilidade de orde civil, penal ou administrativa.
-Asistencia a exames oficiais, sempre que non coincidan con exames do noso centro (non se inclúen neste suposto os exames do permiso de circulación). Para a súa xustificación deberase presentar a convocatoria oficial e o xustificante de asistencia debidamente selado.
-Hospitalización do/a alumno/a que impida físicamente a asistencia a clase.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación. Cando o alumno alcance esa porcentaxe de faltas de asistencia no módulo, non podendo examinarse por avaliacións parciais, terá que realizar dita proba extraordinaria examinándose de cada unidade didáctica. A avaliación consistirá na realización de probas escritas de todas as unidades didácticas do módulo.
Esta proba final consistirá nunha proba final de carácter teórico-práctico que abarca a totalidade da materia do módulo. Pode realizarse, si se precisa, en dúas sesións: unha para a proba teórica e outra para a proba práctica, tendo que superar ambas probas; pero non superar unha non debe impedir acudir a realizar a outra parte da proba.
Serán avisado por medios oficiais do centro: aula virtual, abalar, web do centro,... Deberán ter iniciativa en obter esta información.
Se o alumnado non acude a esta proba terá un 1 na avaliación final do módulo.
O alumnado que non supere/se presente a esta proba extraordinaria, deberá matricularse e cursar novamente o módulo.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Enténdese como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas pola profesora e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

As medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda aos obxectivos inclúen actividades alternativas con enfoques diferentes, adaptacións nos materiais e medios, sesións de apoio individuais ou en grupo e o uso de estratexias de ensino diferenciado e tecnoloxía. É fundamental adaptar os métodos á necesidade de cada estudante, axustando os tempos de realización das tarefas, o nivel de dificultade e utilizando recursos variados para atender aos diferentes estilos de aprendizaxe.
Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: Se lle entregará o material cun tamaño de fonte máis grande . A utilización da aula virtual y la entrega do material en soporte informático a todo o grupo, permitiralles realizar exercicios, supostos co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.Tamén poderase facer os exames nestes casos no ordenador .
Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.
Adaptacións non significativas para aqueles alumnos con outras necesidades, co asesoramento do departamento de orientación de ser preciso.
Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

8.1. Programación da educación en valores.

É importante destacar que con este módulo non só se pretende acadar as capacidades ou obxectivos anteriormente expostos, senón que ademais estableceremos obxectivos en relación cos temas transversais, co uso adecuado das tecnoloxías da información e comunicación, e coa prevención de riscos laborais derivados do exercicio profesional.
Temas transversais:
Se temos en conta que o centro educativo non so serve a fins individuais, senón tamén a fins sociais, e que prepara para vivir como adultos responsables, entendemos perfectamente que se aborden xunto a temas formativos-científicos, temas transversais que dean resposta a outras necesidades básicas, referidas principalmente a valores, ideoloxías, modos, etc. Por elo, establecemos o seguinte obxectivo para noso módulo profesional:
Resolver os conflitos mediante o diálogo, sendo transixentes e aceptando as ideas dos demais como bases dunha convivencia en paz, así como respectar a todas as persoas sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas.
Na formación do alumno ademais do coñecemento científico correspondente ás distintas áreas, convén que se formen en aspectos relativos á convivencia. Estes temas non son específicos de ningunha área, pero todas elas poden tratalos. Os temas a tratar son:

A educación para a igualdade de oportunidade de ambos sexos
- Terá un tratamento fundamentalmente metodolóxico, coidando aspectos como; nivel de expectativas iguais ante alumnos e alumnas, idéntica dedicación a ambos sexos, evitar actitudes protectoras cara as alumnas e asignar tarefas de responsabilidade en función das capacidades individuais.
A educación ambiental
- Potenciaranse as actitudes persoais de aproveitamento de materiais nas aulas
A adecuación para a saúde e calidade de vida.
- Traballarase a atención e respecto das normas de uso das ferramentas e aparellos do laboratorio. Traballarase tamén o respecto polo orde e a limpeza no posto de traballo.
A educación para o consumidor
- Potenciarase o consumo moderado e responsable de recursos e materiais funxibles. Potenciarase tamén a aplicación de criterios de racionalidade enerxética naqueles temas sensibles.
Outros temas que tamén se poden tratar son:
Educación para a paz.
Educación moral e cívica.
Educación para o lecer.
Educación vial.
Educación sexual.
Uso das tecnoloxías da información e comunicación.
De igual modo, e posto que hoxe en día estamos inmersos na era da sociedade da información, non debemos descoidar o uso que o alumnado pode facer das tecnoloxías dispoñibles para a busca e comunicación da información. Por elo, establecemos os seguintes obxectivos relacionados co uso adecuado das tecnoloxías da información e comunicación para o módulo profesional:
Utilizar satisfactoriamente as diferentes ferramentas e técnicas propias das tecnoloxías da información e comunicación para a busca da información, discriminando e contrastando a veracidade e corrección da información obtida.
Ademais, estes contidos novamente se desenvolveran a o largo de todas e cada unha das unidades didácticas.
Prevención de riscos laborais
Por último, e dado que a finalidade última de o ciclo formativo e formar profesionais que poidan incorporarse directamente o mundo laboral, e necesario que o noso alumnado coñeza os riscos laborais propios da súa profesión. Concretamente en este módulo os riscos laborais máis importantes están directamente relacionados tanto con unha mala organización do posto de traballo como con unha mala ergonomía no mesmo. Es por elo, que estableceremos en o módulo profesional o seguinte obxectivo:
Coñecer e respectar as principais normas de prevención de riscos laborais no posto de traballo.
Estes contidos vanse a secuenciar de maneira transversal o largo do módulo profesional, de forma que a finalización do mesmo se desenvolvesen completamente

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

